

CONCELLO
DE VIGO



Regueifas



ORAL de Galicia e alumnado do CIOV
(Centro de Interpretación da Oralidade
de Vigo).

Para mocidade e público adulto

Entrada libre ata completar a
capacidade

A Regueifa é un desafío oral improvisado en verso cunha orixe que, debido ao seu carácter basicamente oral, se perde na noite dos tempos. A súa referencia máis próxima a nós di que durante o banquete das vodas campesiñas era tradición que a parella ou a madriña dos/as acabados/as de casar puxese a disposición dos/das que non foran convidados/as á celebración, un bolo de pan chamado “regueifa”. Ademais, a maneira de ver quen era a persoa á que lle cabía o honor de repartir a regueifa, molete ou biscachón entre os/as presentes era retarse dialecticamente entre eles/as, en verso, meténdose uns con outros, cos contraentes ou cos familiares destes, para ver quen facía gala do maior enxeño e mordacidade.

Na actualidade, os/as regueifeiros/as practícanos de maneira esporádica cando son convidados/as por algún concello, algunha asociación cultural ou centro escolar para exhibir a súa habilidade en público. A confrontación realízase normalmente por parellas sen que interveña no enfrontamento dialéctico ningunha outra persoa, aínda que é relativamente habitual que cando hai varios/as regueifeiros/as ao final participen todos/as nunha roda na que cada quen fai unha copla.

Luns, 19 de xullo ás 20:00 no Calvario (diante do mercado)

Mércores, 21 de xullo ás 20:00 na Praza da Pedra (Vigo Vello)

Venres, 6 de agosto ás 21:00 na Ronda de Don Bosco

Mércores, 11 de agosto ás 21:00 na Praza 8 de marzo (Avda. das Camelias)

(En todos os lugares: Entrada libre ata completar a capacidade)

Máis información nas web: snl.vigo.org e vigo.org (axenda)